

clasclás

II FESTIVAL INTERNACIONAL DE MÚSICA CLÁSICA

VILAGARCÍA DE AROUSA

[RIAS BAIXAS - GALICIA - SPAIN]



Ready?


DO 27 DE XUÑO AO 6 DE XULLO | 2019

www.clasclas.com

MINISTERIO



AYUNTAMIENTO



COMUNICACIÓN

foro cultural de austria

clasclás

II FESTIVAL INTERNACIONAL DE MÚSICA CLÁSICA
VILAGARCÍA DE AROUSA
[RIAS BAIXAS · GALICIA · SPAIN]

DO 27 DE XUÑO AO 6 DE XULLO | 2019
www.clasclas.com

Organigrama

Presidente: Alberto Varela Paz, Alcalde do Concello de Vilagarcía de Arousa

Vicepresidencias: Argimiro Serén Mera, Concelleiro de Educación

Sonia Outón Casal, Concelleira de Cultura

Director Artístico: Guy Braunstein

Adxunto á Dirección Artística: Pablo Vidal Vázquez

Directora Técnica: Rosina Sobrido Fernández

Adxunto á Dirección Técnica: Jesús González López

Coordinadora Social e Comunitaria: María Galbán Zaragoza

Internships clasclás 2019: Paula Santervas Baeza e Sergio Alegre Vicente

Técnico de comunicación e publicacións: Manuel Villaronga García

Deseño e identidade corporativa: Rocío Lueiro Rey

Deseño: Dito&Feito Comunicación

Impresión: Baños Print

Dep. Legal: PO 353-2019

Ready? Por suposto!

Cando tan só era unha idea, xa sabiamos que ía ser un éxito. Cando, o ano pasado, vimos ao público quedar ás portas da igrexa de Vistalegre porque xa non cabían máis persoas no concerto, comprendemos que nos quedáramos curtos nas expectativas. Cando o propio Guy Braunstein se ofreceu a volver tocar para que os que quedaran fóra non marcharan frustrados, entón xa non tivemos dúbidas de que, primeiro, a decisión de poñer en marcha o clasclás fora un acerto, e segundo, a linguaxe universal da música e capaz de case todo: de irmandar pobos, de unir talentos, de sacar o mellor do ser humano. Comezando polo humildade e a empatía, como demostrou Braunstein, sendo quen é, con aquel xesto.

Como alcalde non podo máis que transmitir o meu sentimento de orgullo polo que o clasclás, en tan só dous anos, significa xa. Significa que somos quen de facer unha oferta cultural e de ocio diversa, plural, desestacionalizada e profesional. Significa que temos perfectamente claro que podemos pensar localmente e actuar globalmente. E significa que cando alguén nos pon diante un reto e nos pregunta: “ready?”, a resposta non pode ser outra: “¡por suposto!”

A demostración é esta: durante varios días, talentos internacionais van dar o mellor de si mesmos para deleitarnos con algunhas das mellores composicións da música clásica. As miñas felicitacións, polo tanto, a quen levan traballado arreo para poñer en pé este clasclás. A profesores e educandos, a nosa máis agarimosa benvida. Estamos seguros de que, como ano pasado, imos gañar medio cento de embaixadores polo mundo.

Alberto Varela Paz

Alcalde de Vilagarcía de Arousa



Pensado para vós

Despois de procesar as lembranzas e momentos únicos vividos na primeira edición e aínda abraído por tan calurosa acollida e a involucramento de toda Vilagarcía co festival, velaquí ven a nosa segunda proposta artística.

Este ano comezamos cun concerto moi especial. Contamos coa Orquestra Sinfónica de Galicia, unha formación coa que xa tiveron a sorte de traballar en dúas ocasións e a que agradezo enormemente a confianza para ser parte deste clasclás. A súa excelente calidade artística únese ao talento de tres dos nosos xoves músicos internacionais para ofrecer un concerto que espero sexa o punto de partida de un festival inesquecible.

Como comentaba o ano pasado, este festival está pensado para vós e con vós. Por iso, anímovos outra vez a asistir aos ensaios previos aos concertos, preguntarnos as vosas curiosidades, manifestarnos as vosas inquiredanzas musicais e desfrutar xuntos do excelente albariño local, inspiración para tantas noites de boa música e amizade no último clasclás.

Quero agradecer ao Concello de Vilagarcía de Arousa a súa aposta decidida polo festival; a todos os que traballan nel polo seu esforzo; aos meus colegas mentores e aos nosos xoves músicos por axudarme a achegarnos máis á nosa meta final: que o clasclás sexa unha cita esencial na axenda dos melómanos de todo o mundo e coñezan que nun belo recuncho das Rías Baixas faise música con calidade e paixón únicas.



Guy Braunstein
Director Artístico clasclás

programa



SINFÓNICA
DE GALICIA

xoves 27 de xuño | clasclás inaugural

21.00 h | Auditorio Municipal | Entrada de balde

Ludwig van Beethoven | *Obertura Egmont Op. 84*

Camille Saint-Saëns | *Introducción e Rondó capriccioso Op. 28*

Giuseppe Verdi | *Caro nome, da ópera Rigoletto*

Gaetano Donizetti | *Bella siccome un angelo, da ópera Don Pasquale*

Gaetano Donizetti | *Dueto de Norina e Malatesta, da ópera Don Pasquale*

Antonín Dvořák | *Sinfonía nº 9 "Desde o Novo Mundo" en Mi menor Op. 95*

Nancy Zhou, violín

Laura Sanders, soprano

Sebastiá Peris, barítono

Orquestra Sinfónica de Galicia

Guy Braunstein, director

venres 28 de xuño**21.00 h | Salón García | Entrada de balde****Ludwig van Beethoven | Trío con piano "Ghost" en Re maior Op. 70 nº1***Allegro Vivace e con brío
Largo assai ed espressivo
Presto*Christa-Maria Stangorra, violín
Jacob Kuchenbuch, cello
Susana Gómez Vázquez, piano**György Ligeti | Seis Bagatelas para quinteto de vento***Allegro con spirito
Rubato lamentoso
Allegro grazioso
Presto ruvido
Adagio. Mesto
Molto vivace. Capriccioso*Nardin Ballan, frauta
María Gil Fibla, oboe
Dana Barak, clarinete
Marissa Olegario, fagot
Martin Owen, trompa**Edwar Elgar | Quinteto con piano en La menor Op. 84***Moderato-Allegro
Adagio
Andante
Allegro*Erzhan Kulibaev, violín I
Ori Wissner-Levy, violín II
Jennifer Stumm, viola
Torleif Thedéen, cello
Sunwook Kim, piano**sábado 29 de xuño****12.30 h | Salón García | Entrada de balde****Wolfgang Amadeus Mozart | Cuarteto con piano en Mi bemol maior K.493***Allegro
Larghetto
Allegretto*Amelia Dietrich, violín
Florrie Marshall, viola
Iago Domínguez Eiras, cello
Shuhui Zhou, piano**Robert Schumann | Adagio e allegro para trompa e piano Op. 70**Lukas Nickel, trompa
Susana Gómez Vázquez, piano**Paul Schoenfield | Piano Trío "Café Music"***Allegro
Rubato, andante moderato
Presto*Erzhan Kulibaev, violín
Zuzanna Sosnowska, cello
Mitra Kotte, piano

sábado 29 de xuño

21.00 h | Pazo de Rubiáns | Entradas: www.ticketea.com

Joseph Haydn | Trío de Londres nº 1 en Do maior Hob. IV/I

Allegro moderato

Andante

Finale: Vivace

Gili Schwarzman, frauta
Ori Wissner-Levy, violín
Iago Domínguez Eiras, cello

Ottorino Respighi | II Tramonto, para soprano e cuarteto de corda

Laura Sanders, soprano
Guy Braunstein, violín I
Linda Suolahti, violín II
Jennifer Stumm, viola
Torleif Thedéen, cello

Antonín Dvořák | Sexteto para cordas Op. 48

Allegro moderato

Dumka, poco allegretto

Furiant. Presto

Finale. Tema con variazioni. Allegretto grazioso, quasi andantino

Christa-Maria Stangorra, violín I
Abigel Kralik, violín II
Kwan Hon Gordon Lau, viola I
Clara-Hélène Stangorra, viola II
Beata Antikainen, cello
Clara Abel, cello

Ao rematar o concerto
servirase un albariño
Pazo de Rubianes

domingo 30 de xuño

12.30 h | Salón García | Entrada de balde

Robert Schumann (Arr. Patterson)

Quinteto Op. 44, versión para piano e vento

Allegro brillante

In modo d'una marcia. Un poco largamente

Scherzo: Molto Vivace

Allegro ma non troppo

Gili Schwarzman, frauta
María Gil Fibla, oboe
Dana Barak, clarinete
Marissa Olegario, fagot
Martin Owen, trompa
Andrei Gologan, piano

Johannes Brahms | Trío con piano en Si maior Op. 8

Allegro con brio

Scherzo. Allegro molto

Adagio

Finale. Allegro

Nancy Zhou, violín
Beata Antikainen, cello
Sunwook Kim, piano



luns 1 de xullo

21.00 h | Praza da Peixería | Entrada de balde

Gustav Mahler | *Cancións para un camarada errante* (versión para barítono e cordas)

Sebastiá Peris, barítono
Linda Suolahti, violín I
Amelia Dietrich, violín II
Florrie Marshall, viola
Jacob Kuchenbuch, cello

Ludwig van Beethoven

Trío en Si bemol maior para clarinete, cello e piano Op. 11

Allegro con brío
Adagio
Tema: *Pria ch'io l'impegno. Allegretto*

Darío Mariño, clarinete
Zuzanna Sosnowska, cello
Mitra Kotte, piano

Rogelio Groba | *Nemetanos, ciclo de cancións para soprano e piano*

Foliada
Cantiga
Muñeira
Alalá
Pandeirada

Laura Sanders, soprano
Susana Gómez Vázquez, piano

Joaquín Turina | *Cuarteto para piano e corda en La menor Op. 67*

Lento - Andante mosso
Vivo
Andante
Allegretto

Nancy Zhou, violín
Jennifer Stumm, viola
Torleif Thedéen, cello
Andrei Gologan, piano

martes 2 de xullo

21.00 h | Pazo da Gopelleira | Entradas: www.ticketea.com

Maurice Ravel (Arr. M. Jones) | *Le Tombeau de Couperin* (versión para quinteto de vento)

Prelude
Fugue
Forlane
Rigaudon
Menuet
Tocatta

Nardin Ballan, frauta
María Gil Fibla, oboe
Dana Barak, clarinete
Marissa Olegario, fagot
Lukas Nickel, trompa

Bedřich Smetana | *Trío con piano en Sol menor Op. 15*

Moderatto assai - Piú animato
Allegro, ma non agitato
Finale. Presto

Alena Baeva, violín
Anastasia Feruleva, cello
Sunwook Kim, piano

Richard Strauss (Arr. G. Braunstein) | *Le Bourgeois Gentilhomme Op. 60*

Obertura
Menuett
El maestreo de Esgrima
Entrada y danza de los Sastres
Menuet de Lully
Courante
Entrada de Cléonte
Intermezzo
La cena

Gili Schwarzman, frauta
Darío Mariño, clarinete
Marissa Olegario, fagot
Martin Owen, trompa
Guy Braunstein, violín I
Abigel Kralik, violín II
Jennifer Stumm, viola
Torleif Thedéen, cello
Maria Krykov, contrabaixo

Ao rematar o concerto ofrecerase un cocktail servido por Sens Catering

Servicio gratuito de autobús con saída dende a parada do Cavadelo ás 20h e regreso á finalización do evento

mércores 3 de xullo**21.00 h | Praza da Peixería | Entrada de balde****Wolfgang Amadeus Mozart****Trío para clarinete, viola e piano "Kegelstatt" K.498***Andante
Menuetto
Allegretto*Darío Mariño, clarinete
Kwan Hon Gordon Lou, viola
Shuhui Zhou, piano**Claude Debussy (Arr. Toister) | Petite Suite para violín, cello e piano***En bateau
Cortège
Menuet
Ballet*Erzhan Kulibaev, violín
Beata Antikainen, cello
Andrei Gologan, piano**Johannes Brahms | Quinteto con piano en Fa menor Op. 34***Allegro non troppo
Andante, un poco adagio
Scherzo: Allegro
Finale: Poco sostenuto – Allegro non troppo – Presto, non troppo*Alena Baeva, violín I
Christa-Maria Stangorra, violín II
Ziyu Shen, viola
Anastasia Feruleva, cello
Vadym Kholodenko, piano**xoves 4 de xullo****12.30 h | Igrexa de Santiago do Carril | Entrada de balde****Félix Mendelssohn-Bartholdy****Quinteto para corda nº 2 en Si bemol maior Op. 87***Allegro vivace
Andante Scherzando
Adagio e lento
Allegro molto vivace*Ori Wissner-Levy, violín I
Linda Suolahti, violín II
Florrie Marshall, viola I
Dorothy Kim, viola II
Jacob Kuchenbuch, cello**Antonín Dvorák | Cuarteto con piano nº 2 en Mi bemol maior Op. 87***Allegro con fuoco
Lento
Allegro moderato, grazioso
Finale. Allegro ma non troppo*Abigel Kralik, violín
Clara-Hélène Stangorra, viola
Iago Domínguez Eiras, cello
Susana Gómez Vázquez, piano

xoves 4 de xullo

21.000 h | Pazo da Gopelleira | Entradas: www.ticketea.com

Gabriel Fauré | Cuarteto con piano nº 1 en Do menor Op. 15

Allegro molto moderato
Scherzo: Allegro vivo
Adagio
Allegro molto

Nancy Zhou, violín
 Ziyu Shen, viola
 Zuzanna Sosnowska, cello
 Vadym Kholodenko, piano

Antonín Dvořák | Quinteto con piano nº 2 en La maior Op. 81

Allegro, ma non tanto
Dumka: Andante con moto
Scherzo (Furiant): Molto vivace
Finale: Allegro

Guy Braunstein, violín I
 Amelia Dietrich, violín II
 Amihai Grosz, viola
 Zvi Plesser, cello
 Sunwook Kim, piano

Ao rematar o concerto ofrecerase un cocktail servido por Sens Catering

Servicio gratuito de autobús con saída dende a parada de autobuses do Cavadelo ás 20h e regreso á finalización do evento

venres 5 de xullo

12.30 h | Igrexa de Santiago do Carril | Entrada de balde

Vincent d'Indy | Sarabanda e Minuet Op. 72

Nardin Ballan, frauta
 María Gil Fibla, oboe
 Juan José López Pereira, clarinete
 Marissa Olegario, fagot
 Lukas Nickel, trompa
 Shuhui Zhou, piano

Claude Debussy | Pelleas et Melisande para frauta, cello e piano

Gili Schwarzman, frauta
 Clara Abel, cello
 Mitra Kotte, piano

Robert Schumann | Trío con piano nº 3 en Sol menor Op. 110

Bewegt, doch nicht zu rasch
Ziemlich langsam - Etwas bewegter - Tempo I
Rasch - Etwas Zurückhaltend bis zum langsameren Tempo - Tempo I
Kräftig, mit Humor

Erzhan Kulibaev, violín
 Anastasia Feruleva, cello
 Andrei Gologan, piano



venres 5 de xullo

21.00 h | Pazo de Rubiáns | Entradas: www.ticketea.com

Joseph Haydn | Cuarteto para corda en Re menor Hob.III:83, Op. 103

Andante grazioso

Minuet ma non troppo presto

Guy Braunstein, violín I

Alena Baeva, violín II

Amihai Grosz, viola

Zvi Plesser, cello

Serguéi Prokofiev | Quinteto en Sol menor Op. 39

Tema con variazioni

Andante energico

Allegro sostenuto, ma con brio

Adagio pesante

Allegro precipitato, ma non troppo presto

Andantino

María Gil Fibla, oboe

Dana Barak, clarinete

Nancy Zhou, violín

Kwan Hon Gordon Lau, viola

Maria Krykov, contrabaixo

Franz Schubert | Cuarteto para corda nº 13 en La menor "Rosamunde" D. 804

Allegro ma non troppo

Andante

Menuetto: Allegretto – Trio

Allegro moderato

Guy Braunstein, violín I

Alena Baeva, violín II

Amihai Grosz, viola

Zvi Plesser, cello

Ao rematar o concerto
servirase un albariño
Pazo de Rubianes

sábado 6 de xullo

12.30 h | Salón García | Entrada de balde

Ludwig van Beethoven | Cuarteto para corda en Mi menor Op. 59 nº 2

Allegro

Molto Adagio. Si tratta questo pezzo con molto di sentimento

Allegretto - Maggiore, Thème russe

Finale. Presto

Guy Braunstein, violín I

Alena Baeva, violín II

Amihai Grosz, viola

Zvi Plesser, cello

Ernest Chausson

Concerto para violín, piano e cuarteto de corda en Re maior Op. 21

Décidé, Calm

Sicilienne; Pas vite

Grave

Trés animé

Vadym Kholodenko, piano

Alena Baeva, violín solo

Linda Suolahti, violín I

Christa-Maria Stangorra, violín II

Florrie Marshall, viola

Beata Antikainen, cello





sábado 6 de xullo | clausura

21.00 h | Auditorio | Entrada de balde

Julio Medaglia | *Belle Epoque in South America*

El Porsche negro, Tango
Traumreise nach Attersee, Vals paulista
Walter's Requieta maluca, Chorinho

Nardin Ballan, frauta
María Gil Fibla, oboe
Juan José López Pereira, clarinete
Marissa Olegario, fagot
Lukas Nickel, trompa

Heitor Villa-Lobos (Arr. Y. Chendler) | *Bachiana Brasileira nº 5*

Gili Schwarzman, frauta
Ori Wissner-Levy, violín
Kwan Hon Gordon Lau, viola
Iago Domínguez Eiras, cello

Gaspar Cassadó | *Requiebros*

Anastasia Feruleva, cello
Mitra Kotte, piano

Giovanni Bottesini | *Gran dúo Concertante en La menor*

Erzhan Kulibaev, violín
María Krykov, contrabaixo
Susana Gómez Vázquez, piano

Astor Piazzolla | *Inverno das Estacións Porteñas (versión para piano trío)*

Abigel Kralik, violín
Zuzanna Sosnowska, cello
Shuhui Zhou, piano

Manuel de Falla (Arr. Kochanski) | *Suite popular española para violín e piano*

El paño moruno, Allegretto vivace
Nana, Calmo e sostenuto
Canción, Allegretto
El Polo, Tempo vivo
Asturiana, Andante tranquilo
Jota, Allegro vivo

Nancy Zhou, violín
Mitra Kotte, piano

Joaquín Turina | *Escena andaluza*

Crepúsculo, Serenata
A la ventana

Ziyu Shen, viola solo
Amelia Dietrich, violín I
Ori Wissner-Levy, violín II
Dorothy Kim, viola
Jacob Kuchenbuch, cello
Andrei Gologan, piano

Johann Strauss (Arr. Schönberg) | *Vals do Emperador*

Gili Schwarzman, frauta
Dana Barak, clarinete
Guy Braunstein, violín I
Erzhan Kulibaev, violín II
Clara Abel, viola
Clara-Hélène Stangorra, cello
Shuhui Zhou, piano

clasclás
social e comunitario

sábado 29 de xuño | 11 h

Residencia de maiores Divina Pastora

Ignaz Pleyell :: *Allegro*

Béla Bartók :: *Dúos para violín*

I. Hungarian Lied; II. Játék; III. Párnas Taánc

Enma Gómez García e Elena Martínez Soliño, violíns

Jean-Louis Tulou :: *Allegro*

Wolfgang Amadeus Mozart :: *Dúos da Fruta Máxica*

Carmen Patiño Ríos e María José Piñeiro Ruibal, frautas

Johann Sebastian Bach :: *Partita en Re menor BWV 1004*

Sarabanda e Giga

Manuel Quiroga :: *Emigrantes Celtas*

Elena Rodríguez Oubiña, violín

Wolfgang Amadeus Mozart :: *Divertimento KV439b/III*

I. Allegro; II. Menuetto; III. Adagio; IV. Rondo

Lara Alonso Pardavila e David Sánchez Losada, clarinetes

Sócrates Agudo Torrado, clarinete baixo

Georg Philipp Telemann :: *Sonata en La menor*

I. Largo; II. Vivace; III. Affettuoso; IV. Allegro

Belén Aragunde Canabal, frauta. Paula Padín Álvarez, violín.

Andrea Petisco Fernández, cello

luns 1 de xullo | 11 h**Auditorio Municipal de Vilagarcía****Enrique Granados (arr. Casadó) :: Intermezzo para Trío con piano****Gabriel Fauré :: Pavane para Trío con piano**Trío Le Beau: Christa-María Stangorra, violín. Jacob Kuchenbuch, cello.
Susana Gómez Vázquez, piano**Wolfgang Amadeus Mozart :: Sonata para violín e piano en Sol maior, KV 301***I. Allegro con Spirito; II. Allegro*

Elena Rodríguez Oubiña, violín. Jacobo Ramos Casariego, piano

Johann Sebastian Bach :: Suite para solo cello nº3 en Do maior*Preludio e Sarabanda*

Iago Domínguez Eiras, cello

Béla Kovács :: Hommage à Debussy**Astor Piazzolla :: Tango. Etude nº 3**

Juan José López Pereira, clarinete

Georg Enescu :: Cantabile et Presto para frauta e piano

Laura Lorenzo Rodríguez, frauta. Shuhui Zhou, piano

martes 2 de xullo | 11 h**Auditorio Municipal de Vilagarcía****Franz Schubert :: Nocturno para Trío con piano D897**

Abigel Kralik, violín. Clara Abel, cello. Vadym Kholodenko, piano

Béla Kovács :: Liebestraum nº 3**Ludwig van Beethoven :: Sonata nº 8 en Do menor Op. 13 "Patética"***I. Grave- Allegro dí molto e con brío*

Jacobo Ramos Casariego, piano

Georg Philipp Telemann :: Fantasía para frauta nº 6 en Re menor*I. Dolce; II. Allegro; III. Spirituoso*

Belén Aragunde Canabal, frauta

Wolfgang Amadeus Mozart :: Dúo para violín e viola en Sol maior KV 423*I. Allegro*

Christa-Maria Stangorra, violín. Clara-Hèléne Stangorra, viola

Amy Beach :: Romance para violín e piano Op. 23**Johannes Brahms :: Scherzo para violín e piano**

Amelia Dietrich, violín. Mitra Kotte, piano.

mércores 3 de xullo | 11 h**Igrexa San Martiño de Sobrán (Vilaxoán)****Ignaz Pleyell :: Allegro****Béla Bartók :: Dúos para violín***I. Hungarian Lied; II. Játék; III. Párnas Taánc*

Enma Gómez García e Elena Martínez Soliño, violíns

Jean-Louis Tulou :: Allegro**Wolfgang Amadeus Mozart :: Dúos da Frauta Máxica**

Carmen Patiño Ríos e María José Piñeiro Ruibal, frautas

Johann Sebastian Bach :: Partita en Re menor BWV 1004.*Sarabanda e Giga***Manuel Quiroga :: Emigrantes Celtas**

Elena Rodríguez Oubiña, violín

Wolfgang Amadeus Mozart :: Divertimento KV439b/III*I. Allegro. II; Menuetto; III. Adagio; IV. Rondo*Lara Alonso Pardavila e David Sánchez Losada, clarinetes
Sócrates Agudo Torrado, clarinete baixo**Georg Philipp Telemann :: Sonata en La menor***I Largo; II. Vivace; III. Affettuoso; IV. Allegro*Belén Aragunde Canabal, frauta. Paula Padín Álvarez, violín.
Andrea Petisco Fernández, cello

clasclás

>masterclasses e workshops

Durante todo o festival os mentores e artistas invitados realizarán masterclasses e workshops abertas ao público que se queira achegar ao Auditorio Municipal e asistir como oínte. A entrada a todas estas propostas formativas é de balde.

Na web do festival [www.clasclas.com] pódese atopar unha listaxe detallada de todas estas actividades que ademais serán actualizadas diariamente a través das redes sociais do clasclás.



>ensaios abertos

A filosofía do festival clasclás e dos artistas que nel participan é compartir con todo o público o proceso creativo e de preparación dos diversos concertos. Por iso, todos os ensaios son abertos á asistencia de quen o desexe.

Nas redes sociais publicarase diariamente a información coas horas e lugares dos ensaios máis destacados de cada día. Todos eles terán lugar nas diversas dependencias do Auditorio Municipal

clasclás

>summit

Este ano o festival clasclás volverá a organizar o seu summit, unha iniciativa para reforzar o networking dos xoves artistas que nel participan. Asistirán diversos promotores e managers nacionais e internacionais que participarán en diversas mesas redondas abertas ao público.

Os asistentes poderán achegarse e descubrir de preto como funciona a industria da música clásica e as súas peculiaridades.

PROGRAMA DE ACTIVIDADES

► Xoves 4 Xullo | 10 h.

Mesa redonda:

“As orquestras españolas e a súa relación cos xoves talentos”

Poñentes: – Miguel Angel Parera

Director Técnico da Orquesta Sinfónica de Tenerife

– Jordi Gimeno

Director Artístico e Técnico da Orquesta Sinfónica de Castilla y León

► Venres 5 Xullo | 10 h.

Mesa redonda:

“Artistas e axencias”

Poñentes: – Derek Chandruang

Vicepresidente de IMG Artists

– Pablo Vidal Vázquez

Adxunto á Dirección Artística do festival clasclás





1



2



3



4



5



6



7

>entradas

Os concertos que terán lugar no Auditorio, Salón García na Praza da Peixería, na igrexa de Santiago do Carril e na igrexa de San Martiño de Sobrán serán con entrada de balde ata completar capacidade.

Para os concertos do Pazo de Rubiáns (29 de xuño e 5 de xullo) e do Pazo da Gopelleira (2 e 4 de xullo), venda anticipada: www.ticketea.com.

>localizacións





Orquestra Sinfónica de Galicia

Creada en 1992 polo concello da Coruña, cidade na que ten a súa sede no Palacio da Ópera, a Orquestra Sinfónica de Galicia (OSG) é unha das agrupacións orquestrais de maior proxección en España, ademais de ser unha marca internacional con seguidores nos cinco continentes a través do seu canal de Youtube.

Creada en 1992 polo Concello de A Coruña, cidade na que ten a súa sede no Palacio da Ópera, a Orquestra Sinfónica de Galicia (OSG) é unha das agrupacións orquestrais de maior proxección en España, ademais de ser unha marca internacional con seguidores nos cinco continentes a través do seu canal de Youtube.

A OSG, baixo a batuta de Dima Slobodeniouk coma director titular desde a tempada 2013-14 e Víctor Pablo Pérez coma o seu director honorario, ten sido orquestra residente no Festival Rossini de Pésaro

de 2003 a 2005 e do Festival Mozart de A Coruña desde a súa creación en 1998. Ademais a súa presenza nacional e internacional ten sido constante, con concertos nas mellores salas en España e con varias xiras por Alemania e Austria. En 2007 realizou unha xira por América do Sur —con concertos en Chile, Arxentina, Brasil, Uruguay e Montevideo—, a finais de 2009 presentouse na histórica sala do Musikverein de Viena e en 2016 ofreceu dos concertos nos Emiratos Árabes.

Tanto para os seus concertos internacionais coma para os programas de abono, a OSG conta con solistas como Anne-Sophie Mutter, Isabelle Faust, Maurizio Pollini, Krystian Zimerman, Grigory Sokolov, Frank Peter Zimmermann, Maria Joao Pires, Elisabeth Leonskaja, Dmitri Sitkovetsky, Stefan Dohr, Alicia Sara Ott, Gil Shaham, Sarah Chang, Leonidas Kavakos, Arcadi Volodos, Mischa Maisky, Javier Perianes e Christian Lindberg, entre outros moitos.

Con ela ten cantado Bryn Terfell, Ewa Pod-

les, Plácido Domingo, Juan Diego Flórez, Simon Estes, Leo Nucci, Alfredo Kraus, Teresa Berganza, María Bayo, Ainhoa Arteta, Mirella Freni, Ann Murray, Amanda Roocroft, Ildar Abdrazakov, Hildegard Behrens, Eva Marton, Giuseppe Giacomini, Philip Langridge, Carlos Chausson, Raúl Giménez, Isabel Rey, Carlos Álvarez, Ana María Sánchez o Giuseppe Sabbatini, e sempre baixo a batuta de maestros como Gustavo Dudamel, Lorin Maazel, Eliahu Inbal, Neville Marriner, Michail Jurowski, Ton Koopman, Guennadi Rozdestvenski, Libor Pesek, Maurizio Pollini, Christoph Eschenbach, James Judd, Stanislaw Skrowaczewski, Richard Egarr, Daniel Harding, Jesús López Cobos, Osmo Vänskä, Alberto Zedda, Yoav Talmi, Raymond Leppard, Carlo Rizzi, Josep Pons, John Nelson, Gianandrea Noseda, Ron Goodwin o Manfred Honeck entre outros.

Na súa discografía para selos como Deutsche Gramophon, Sony, EMI, DECCA, Koch, Naïve, BMG y Arts figuran nomes como os de Juan Diego Flórez, Kaori Muraji, Peter

Maag, Antonio Meneses, Manuel Barrueco —con quen ten sido nominada ao Grammy 2007 polo mellor álbum clásico do ano—, María Bayo, Plácido Domingo, Juan Pons o Ewa Podles entre outros.

A OSG ten convertido o seu canal de Youtube no máis visto do sector en España e un dos máis visitados a nivel europeo: con máis de once mil suscritores os vídeos da OSG teñen cerca de un millón e medio de visualizacións no último ano e desde 227 países. O éxito internacional do seu canal e as retransmisións en streaming HD iniciadas na tempada 14-15 supuxeron a súa nominación al Classical: Next Innovation Award 2015.

A OSG foi premiada coa Medalla de Oro da Real Academia Galega de Belas Artes e é Premio Cultura Galega da Música 2010.

A OSG está financiada polo Concello da Coruña, a Xunta de Galicia e a Deputación da Coruña.

mentores / artistas



Guy Braunstein Director Artístico e Violín

O violinista e director de orquestra Guy Braunstein toca o violín desde a idade de seis anos. Estudou no seu Israel natal e máis tarde en América baixo a dirección de Chaim Taub e Pinchas Zukerman.

Desde idade temperá, e durante anos, realizou diversas xiras como solista con directores como Sir Simon Rattle, Zubin Mehta, Daniel Barenboim, Semyon Bychkov, Claudio Abbado e Andris Nelsons, por nomear algúns.

Guy Braunstein toca regularmente recitais e música de cámara con intérpretes da talla

de Yefim Bronfman, Emmanuel Axe, Yuja Wang, Lang Lang, Maurizio Pollini, Martha Argerich e moitos máis.

Na última década desenvolve unha intensa carreira como Director de Orquestra. Así mesmo ten traballado nun vasto repertorio, sendo frecuentemente convidado por aclamadas Orquestras internacionais, ao tempo que desenvolve a labor de principal director convidado da Orquestra Sinfónica de Hamburgo. Entre os solistas que actuaron baixo a súa batuta figuran Magdalena Kozena, Daniel Barenboim e outros.

Unha das súas grandes paixóns é transcribir e orquestrar obras maestras e presentalas en diferentes formacións. Tanto como violinista como director de orquestra, Guy Braunstein puido levar a escena un repertorio de grandes compositores en versións nunca antes escoitadas. Estes novos arranxos musicais recibíronse con gran entusiasmo entre orquestras, músicos e audiencias,

Entre os anos 2000-2013, Guy Braunstein foi o primeiro concertino da Orquestra Filarmonica de Berlín. Desde 2003-2007 foi profesor de música na UDK (Universidade das Artes) en Berlín. En 2006 asumiu o cargo de director artístico do festival Rolandseck, que dirixiu ata 2016.

Na actualidade Guy Braunstein é director artístico do Festival Internacional de Música Clásica clasclás de Vilagacía de Arousa.

Guy Braunstein toca un violín construído en 1679 polo luthier Francesco Ruggieri en Cremona, Italia.

Alena Baeva

Violín

Protexida de Mstislav Rostropovich e Seiji Ozawa, e descrita como “unha presenza magnética” e “unha técnica de son constantemente fascinante” (New York Classical Review), Alena Baeva está a converterse rapidamente nunha das mellores violinistas da súa xeración.

Gañadora do Grand Prix e outros premios especiais nos concursos internacionais de violín Wieniawski (2001), Moscow Paganini (2004) e Sendai (2007), Baeva xa logrou ata a data unha impresionante carreira traballando regularmente con moitos das mellores orquestras e directores, entre os que figuran Valery Gergiev, Paavo Järvi e Vladimir Jurowski.

Baeva ten un amplo repertorio en rápida expansión, que inclúe máis de corenta concertos de violín, sendo líder na interpretación de obras menos coñecidas, con recentes actuacións que promoven concertos de compositores pouco interpretados como Bacewicz, Karaev e Karłowicz, xunto coa literatura de violín máis importante. A súa extensa discografía reflicte a impresionante extensión do seu repertorio, con gravacións que abarcan desde Bruch e Shostakovich (Pentatone Classics) ata Szymanowski (DUX), Debussy, Poulenc e Prokofiev (SIMC), por nomear só algunhas.

Nada en 1985 no seo dunha familia musical, Baeva recibiu as súas primeiras lec-



cións de violín á idade de cinco anos coa recoñecida pedagoga Olga Danilova en Alma-Ata, Kazajstán. Desde 1995 estudou co profesor Eduard Grach na Escola Central

de Música de Moscova, e de 2002 a 2007 no Conservatorio Tchaikovsky do Estado de Moscova. Ademais da súa educación formal, Baeva estudou en Francia por invitación persoal de Mstislav Rostropovich en 2003, e comezou a asistir á Academia Seiji Ozawa en Suíza en 2007.

Aos 16 anos, Baeva gañou o Grand Prix no 12º Concurso Internacional Henryk Wieniawski (2001), así como o Premio á Mellor Actuación dunha Obra Contemporánea. De novo obtivo o Grand Prix no Concurso Internacional Niccolò Paganini de Moscova (2004), incluído un Premio Especial que lle permitiu utilizar o Wieniawski Stradivari de 1723 durante un ano, así como tamén recibiu a Medalla de Ouro e o Premio do Público no Concurso Internacional de Violín de Sendai (2007).

Entre os directores cos que traballa regularmente, Alena Baeva ten colaboracións de dilatada traxectoria con Valery Gergiev e Vladimir Jurowski. A súa interpretación do Concerto Nº. 2 para violín de D. Shostakovich é parte da colección de DVD de Mariinsky Theatre / Gergiev, lanzada por Arthaus Musik en 2015; e -continuando o seu traballo xuntos en Moscova- Baeva e Jurowski únense novamente para o seu debut coa London Philharmonic Orchestra en decembro de 2018. Na tempada 2018/19 Alena Baeva debutou coa NHK Symphony Orches-

tra & Paavo Järvi, en Tokio, concertos de subscrición televisados a nivel nacional en todo Xapón.

Outras colaboracións de directores ata a data inclúen a Vladimir Fedoseyev, Pablo Heras-Casado, Krzysztof Penderecki, Sakari Oramo e Kazuki Yamada, e as colaboracións de música de cámara con intérpretes tan aclamados como Martha Argerich, Yuri Bashmet, Steven Lerky, Nikolai Lugansky e Misha Maisky. Vadym Kholodenko, gañador do Concurso internacional de Piano Van Cliburn 2013, é o seu partenaire habitual en interpretacións en dúo e co que estableceu unha asociación musical de máis dunha década.

Entre os máis recentes e próximos eventos destacados de concertos atópanse a Sinfónica de Düsseldorf / Alexander Bloch, a Orquestra Filarmónica de Londres / Vladimir Jurowski, a Filarmónica dos Países Baixos / Karl-Heinz Steffens, a Orquestra Sinfónica da NHK / Paavo Järvi, a Orquestra Filarmónica dos Países Baixos / Grzegorz Nowak e Tonkünstler Orchester / Michan Nowic. Baeva ten unha forte e especial participación en Rusia, onde regularmente traballa coas orquestras máis importantes, como Mariinsky Orchestra, Musica/Eterna, a Orquestra Sinfónica Académica Estatal de Rusia “Evgeny Svetlanov” (GASO) e a Orquestra Filarmónica de San Petersburgo, entre outros.



Amihai Grosz

Viola

Amihai Grosz ten unha diversa e inusual carreira, comezando como intérprete de cuarteto (membro fundador do Cuarteto de Xerusalén) e desde entón e ata hoxe Viola Principal da Orquestra Filarmónica de Berlín, así como recoñecido solista internacional.

Inicialmente Amihai Grosz aprendeu a tocar o violín, antes de cambiar á viola aos 11 anos. Recibiu clases de David Chen en Xerusalén, posteriormente de Tabea Zimmermann en Frankfurt e Berlín, así como de Haim Taub en Tel Aviv, quen tivo unha destacada influencia formativa sobre el.

A moi temperá idade recibiu varias bolsas e premios e foi membro do “Grupo de Novos Músicos” do Jerusalem Music Center, un programa para novos talentos musicais sobresaíntes.

Amihai Grosz traballa en proxectos de música de cámara e en solitario con artistas como Yefim Bronfman, Mitsuko Uchida, Daniel Barenboim, Janine Jansen, Julian Rachlin, Gustavo Gimeno, Tugan Sokhiev e David Geringas.

Actúa en salas de concertos internacionais como o Concertgebouw en Amsterdam, o Tonhalle Zurich, o Wigmore Hall en Londres ou a Philharmonie de Luxemburgo e en festivais de todo o mundo, incluído o Festival de Música de Cámara de Xerusalén, o Schleswig-Holstein Musik Festival, os festivais de Evian, Vterbier e Delft, os BBC Proms, o Festival Internacional de Música de Cámara de Utrecht e West Chamber Chamber Music Festival.

Para esta próxima tempada 2018/19 destacar as actuacións coa Zürcher Kammerorchester (con Daniel Esperanza), a Filarmónica de Varsovia (baixo Jacek Kasprzyk), a Sinfonía Nacional RTÉ Orquestra (con Veronika Eberle) ou a Orquestra Sinfónica de Radio de Finlandia (baixo a dirección de Tugan Sokhiev), así como proxectos de música de cámara con Janine Jansen, Daishin Kashiimoto, Claudio Bohórquez e Guy Braunstein, entre outros.

Amihai Grosz toca unha viola de Gaspar-dá-Salò do ano 1570, que é préstamo dunha colección privada á súa disposición de por vida.



Jennifer Stumm

Viola

A violista e directora Jennifer Stumm abriu un camiño creativo valente. Os seus diversos proxectos combinan unha curiosidade intelectual inquisitiva, un entusiasmo musical infinito e unha defensa comprometida das oportunidades sociais. Coñecida polo poder sedutor e a “beleza de ópalo” (Washington Post) do seu son, Jennifer aparece nos grandes escenarios do mundo como o Carnegie Hall, o Kennedy Center, o Concertgebouw Amsterdam, a Sala São Paulo e o Wigmore Hall, Londres.

A súa carreira en solitario iniciouse despois das vitorias en tres grandes competicións internacionais: William Primrose, Xenebra e Concert Artists Guild (onde foi a primeira violista en gañar o Primeiro Premio) e gañouse rapidamente unha reputación como unha das voces máis destacadas do seu

instrumento. A súa charla viral TEDx sobre viola e as bendicións de ser diferente, *The Imperfect Instrument*, fíxoa ser elixida como unha das editoras de todas as charlas de TED o que a levou a un debut solístico na Berlin Philharmonie. Jennifer ten dous álbums no mercado con soado repertorio para o seu instrumento. O seu debut para a Serie Laureate de Naxos presentou obras do compositor/violista italiano Alessandro Rolla, aclamada como “unha exhibición absolutamente fenomenal de virtuosismo á viola” (The New Recordings).

Elixida polo programa BBC New Generation Artists e polos premios Borletti Buitoni Trust polo seu traballo en música de cámara, aparece en festivais como Verbier, Marlboro, Stavanger, Spoleto, Aldeburgh, Delft e aparece regularmente con Spectrum Concerts Berlin. Entre os seus colaboradores atópanse membros do Beaux Arts Trio, Guarneri, Vermeer e Alban Berg Quartets e o conxunto da época L' Archibudelli.

Jennifer é fundadora e directora de Ilumina, o colectivo de música de cámara, festival e iniciativa social con sede en São Paulo, que ascendeu rapidamente á fama como un modelo moderno para a creatividade do século XXI e o eficiente avance dirixido por artistas de diversos talentos. Ilumina une aos principais solistas internacionais cos mellores talentos emerxentes de América Latina, traballando e actuando xuntos en São Paulo no festival Ilumina e de xira ao redor do mundo. O talento de Jennifer para o deseño e a dirección escénica ten recibido moita atención, e os concertos de Ilumina convidan os oíntes a mergullarse en mundos musicais comprometidos firmemente

coa interpretación, impulsados pola frescura e a enerxía do intercambio cultural.

A próxima tempada realizará o seu debut en Barbican, Londres, tocará como solista en salas de cidades de São Paulo a Bangkok, nas obras completas de cámara de Brahms en Milán e nun programa especial de compositoras de tódalas épocas en honra ao centenario da sonata de Rebecca Clarke. Dirixirá un novo espectáculo de música de cámara en escena para Ilumina, seguindo o éxito de *Final Frontier* en 2017.

Jennifer Stumm é profesora de Viola na Universidade de Música e Artes de Viena, Directora da Cátedra Internacional de Estudos de Viola no Royal College of Music de Londres e imparte clases maxistras en todo o mundo. Desde os seus días como estudante Jennifer estivo comprometida cunha visión da música clásica que inspira o impacto social. Ela dedica un tempo considerable a apoiar a mozos músicos de países en desenvolvemento, tanto en persoa como en liña. Nos primeiros catro anos do seu proxecto en Ilumina, case 50 novos artistas foron aceptados para estudar nas principais institucións internacionais, un poderoso recordatorio de que o talento nunca decide onde nace.

Nada en Atlanta, Jennifer escoitou a viola por primeira vez cando tiña oito anos. Estudou con Karen Tuttle no Instituto de Música Curtis e na Escola Juilliard, con Nobuko Imai en Ámsterdam e tamén se interesou pola política na Universidade de Pennsylvania. Jennifer toca unha viola de Gasparo dá Salò, c. 1590, xenerosamente en préstamo permanente dunha colección privada.



Torleif Thedéen

Cello

Torleif Thedéen é un dos violonchelistas máis prestixiosos da actualidade, tocando regularmente con moitas das orquestras máis importantes do mundo, incluído o Triple Concerto de Beethoven coa Wiener Symphoniker e a Orquestra Filarmónica de Bordeus, o Concerto para Cello de Haydn coa Deutsches Symphonie-Orchester Berlin, as Variacións sobre un tema rococó de Tchaikovsky coa Royal Philharmonic Orchestra e a Berliner Symphoniker, o Concerto para cello de Elgar coa London Philharmonic Orchestra e a City of Birmingham Symphony Orchestra, o Concerto nº 2 de Schnittke coa Dresdner Philharmonie e a BBC Philharmonic, o Concerto para Cello de Dvorak coa Orquestra Filarmónica Checa e a Orquestra Sinfónica da Cidade de Birmingham, o Concerto para Violoncelo de Schoenberg coa Orquestra Sinfónica de Berlín, o Concerto para Violoncelo nº 2 de Shostakovich coa Orquestra Filarmónica de Moscova, o Concerto para Violoncelo de Schumann coa Filarmónica de Róterdam, o Concerto para Cello de Saint Saëns coa Israel Sinfonietta, o Concerto de Dutilleux coa Filarmónica de Stuttgart e o Brahms Double Concerto con

Alina Ibramigova e a Orquestra Hallé en Manchester e con Janine Jansen e a Filarmónica Real de Estocolmo, baixo a dirección todo elo de Esa-Pekka Salonen, Paavo Berglund, Neeme Järvi, Franz Welser-Möst, Gennady Rozvest, Leif Segerstam e Eri Klas.

Torleif Thedéen é un recoñecido músico de cámara, e como tal aparece en salas de concertos de prestixio en todo o mundo como o Wigmore Hall en Londres, Carnegie Recital Hall en Nova York e Concertgebouw en Ámsterdam.

A miúdo participa en prestixiosos Festivais de música, entre eles o Festival de Verbier, o Festival de Primavera de Praga, os festivais de Schleswig-Holstein, Bordeus, Oslo, Bath, Stavanger e Kuhmo.

Desde 1986, Thedéen gravou numerosos CD para BIS, con obras de repertorio estándar e música contemporánea e realizou xiras con solistas como Julian Rachlin e Janine Jansen en festivais europeos, Nova Zelandia e Australia. Tamén realizou xiras por Escandinavia e Inglaterra coa Orquestra de Cámara Musica Vitae de Suecia.

Zvi Plesser

Cello

O chelista israelí Zvi Plesser ten unha destacada carreira na que combinou as súas aparicións como solista, músico de cámara, pedagogo e director musical. Desde o seu país natal, Zvi realizou concertos en todo o mundo e colaborou con algúns dos máis destacados músicos e directores actuais. Como solista tocou con orquestras tan distinguidas como a Israel Philharmonic Orchestra, the Jerusalem Symphony Orchestra, Israel Symphony Orchestra, the National Symphony Orchestra in Washington D.C., The Academy of Saint Martin in the Fields, Xangai Symphony Orchestra, Hamburg Symphony Orchestra e a Sofia Philharmonic con directores como Zubin Mehta, Sir Neville Marriner Asher Fisch, David Stern, Steven Sloan e Sergiu Commissiona. En xaneiro de 2015, Zvi Plesser tocou como solista coa Berlin Philharmonic Orchestra nun concerto especial dirixido polo Maestro Simon Rattle.

Zvi Plesser foi membro do Huberman String Quartet e membro fundador do Concertante Quartet. Activo músico de cámara, colabora habitualmente cos principais músicos da Berlin Philharmonic. Nas últimas tempadas actuou, entre outras, en salas como



Champs-Elysees, Musee du Louvre and Sáelle Pleyel de Paris, Vienna Konzerthou-se, Berlin Philharmonie, London Wigmore Hall e Southbank Centre. Son frecuentes as súas colaboracións co Jerusalem String Quartet, co que realizou unha xira por Australia de 14 concertos. Participou en festivais en todo o mundo, como o Marlboro Festival en USA, Cervantino Fetsival de Mexico, Jerusalem International Chamber Music Festival en Israel, Lle Pont Festival en Japan, Kuhmo Festival en Finlandia, Mu-

sique à l'Emperi - Salon-de-Provence en Francia e Rolandseck Festival en Alemaña.

No ano 2011 foi nomeado director musical do festival Voice of Music Festival in the Upper Galilee, o festival de música de cámara máis antigo de Israel. Desde entón, revitalizou o festival con innovadores programas musicais, co que se gañou a admiración do público e prensa especializada. Nos últimos anos colaborou co seu colega e amigo Hillel Zori nun arranxo das Seis Só Suites de Bach para dous chelos, realizando numerosos concertos.

Zvi Plesser é graduado da Juilliard School onde estudou con Zara Nelsova. Outros dos seus principais profesores inclúen Zvi Harel en Israel e David Soyer en USA. Foi profesor da Jerusalem Academy of Music and Dance desde 1998, e tamén deu clases na North Carolina School of the Arts e a Hochschule für Musik Würzburg en Alemaña. É frecuentemente convidado a impartir seminarios e masterclass en diversas escolas e festivais de todo o mundo. No 2013 foi invitado como membro do xurado do Casado Cello Competition en Xapón.

Os seus concertos foron retransmitidos pola radio e televisión de varios países, e gravou para selos como Helicon, Kleos ou Meridian. Como graduado o Jerusalem Music Center dun programa especial para novos talentos musicais dirixido polo Mestre Isaac Stern, Zvi Plesser gañou premios como o Françoise Shapira Competition, o 41st annual Washington International Competition e foi bolseiro da prestigiosa America-Israel Cultural Foundation.

Sunwook Kim

Piano

Sunwook Kim obtivo recoñecemento internacional cando gañou o prestixioso Concurso Internacional de Piano de Leeds en 2006, con só 18 anos, e converteuse no gañador máis novo da competición en 40 anos, así como o primeiro gañador asiático. A súa interpretación do Concerto Nº 1 de Brahms coa Orquestra de Hallé e Sir Mark Elder na fase final do concurso, acadou eloxios unánimes da prensa. Desde entón, gañouse reputación como un dos mellores pianistas da súa xeración, aparecendo como solista de concerto na serie de suscripcións dalgunhas das orquestras máis importantes do mundo, incluída a London Symphony Orchestra, Royal Concertgebouw Orchestra, Berlin Radio Symphony, NDR Sinfonieorchester Hamburgo, a Sinfónica da Radio Finlandesa, a Orquestra Philharmonía, a Filarmónica de Londres, a Filarmónica da Francia, a Sinfónica da NHK, a Orquestra de Achei e a Orquestra Sinfónica de Bournemouth para o seu debut nos BBC Proms no verán de 2014.

Os seus recitais ata a data inclúen aparicións regulares no Wigmore Hall, Queen Elizabeth Hall (London International Piano Series), Leeds Piano Festival, a serie 'Piano 4 Etoiles' na Sáelle Pleyel de Paris, Piano aux Jacobin Festival, A Roque d'Antheron Festival Internacional de Piano (Francia), así como no Festival Klara de Bruxelas, Beethoven- Haus Bonn, Klavier-Festival Ruhr, Mecklenburg-Vorpommern Festspiele, Es-tocolmo Konserthuset, Teatro Colón Buenos



Aires, Sala Kioi en Tokio, Sinfonía Hall Osaka e LG Arts Center en Seúl. Entre os recentes compromisos de concerto inclúense aparicións con la Hallé Philharmonia, BBC Concert, Bournemouth, Dresden Philharmonic, Royal Scottish National e Seoul Philharmonic Orchestras. Outros puntos destacados son os recitais de dúo con Jian Wang en Corea e Guy Braunstein en Berlín, así como unha xira polos EE UU con Staatskapelle Weimar con Kirill Karabits.

En 18/19, as actuacións incluírán o debut estadounidense coa Orquestra Sinfónica de Milwaukee e o debut coa Orquestra Filarmónica de Nagoya. Sunwook tamén regresará á Orquestra Filarmónica da BBC e á Orquestra Sinfónica de Bournemouth, así como a unha gran xira por Corea, Italia, Suíza e Francia coa Orquestra Filarmónica de Seúl. Os recitais e a música de cámara inclúen unha xira por Hong Kong con Istvan Vardai e presentacións na London Chopin Society, Wigmore Hall e AIX Festival.

O primeiro disco de recital de Sunwook Kim foi lanzado no selo Accentus en ou-

tubro de 2015, coas sonatas Waldstein e Hammerklavier de Beethoven. Seguiu unha gravación de Prelude, Coral e Fuga de C. Franck, emparellados coa Sonata Nº. 3 de J. Brahms e un disco máis de Beethoven coa Sonata Nº. 8, Pathétique, a Sonata Nº. 14, Moonlight e a Sonata Non. 23, Appassionata. A súa discografía tamén inclúe dúas gravacións de concertos en Deutsche Grammophon coa Filarmónica de Seúl dirixida por Myung-Whun Chung; un CD co Concerto para piano de Unsuk Chin (2014) que atraeu sobresaíentes críticas e premios da BBC Music Magazine e os International Classical Music Awards, e un CD co Concerto Nº. 5 de Beethoven (2013).

Nado en Seúl en 1988, graduouse na Universidade Nacional das Artes de Corea e logo realizou un Máster en Dirección na Royal Academy of Music. Ademais de Leeds, obtivo outros premios internacionais como o primeiro premio no Concurso Ettlingen (Alemaña) e o Concurso Clara Haskil (Suíza). En 2013, Bewoven-Haus Bonn seleccionou a Sunwook para converterse no primeiro beneficiario da súa nova titoría.

Vadym Kholodenko

Piano

Vadym Kholodenko gañou rapidamente reputación como un dos pianistas novos máis dinámicos e tecnicamente dotados, eloxiado na súa actuación coa Orquestra de Filadelfia "pola súa absorbente sombra melódica e brillante traballo pasaxístico" (Philadelphia Enquirer). Gañador do Concurso Cliburn 2013, Kholodenko cautivou a audiencias e críticos por igual coa Orques-

tra Sinfónica de Fort Worth que inmediatamente o nomeou o seu primeiro artista en residencia polo período de tres anos. Premios anteriores inclúen o Primeiro Premio no Concurso de Piano Schubert 2011 en Dortmund, o Primeiro Premio no Concurso de Piano Sendai 2010 en Xapón e o Gran Premio no Concurso María Calas en Atenas.

Kholodenko colaborou con distinguidos directores como Valery Gergiev, Leonard Slatkin, Vladimir Fedoseyev, Kirill Karabits, Miguel Harth-Bedoya, Paul Daniel, Pinchas Zukerman, Yuri Bashmet, Vladimir Spivakov e Kazuki Yamada. En 2013 foi artista en residencia na sala de concertos Mariinsky onde Valery Gergiev nomeouno Artista do mes, ao tempo que lle ten solicitado, recentemente, realizar concertos e gravacións en París, Luxemburgo e San Petersburgo.



En América do Norte, Kholodenko actuou coa Orquestra de Filadelfia, a Sinfónica de Atlanta, a Sinfónica de Indianápolis, a Filarmónica de Rochester e as Orquestras Sinfónicas de San Diego. A pasada tempada realizou unha xira por América do Norte coa Staatskapelle Weimar baixo a dirección de Kirill Karabits. Ofreceu recitais en todo Estados Unidos, incluíndo Washington, Boston e no Festival de Música de Aspen.

